



Concello de Xinzo de Limia

BANDO DE ALCALDÍA
SAÍDA DE NENOS E NENAS

1. A partir do domingo 26 de abril as crianzas de ata 14 anos poderán saír a dar paseos e xogar na rúa unha vez ó día, durante unha hora, nunha contorna dun quilómetro como máximo arredor do seu domicilio.
2. Horario permitido de 9h a 21h (recoméndase evitar horas punta).
3. As crianzas serán acompañadas en todo momento por unha persoa adulta responsable que conviva con elas (pode ser unha/un irmá/n maior de idade). Poderán saír ata con 3 crianzas e deberá estar en todo momento a unha distancia na que poida controlalas.
4. Deberán respectarse as medidas de distanciamento social con outras crianzas.
5. Permítese correr, xogar e facer exercicio ás crianzas, sempre respectando o distanciamento social.
6. Poderán saír con seus propios xoguetes, pero non poderán facer uso de parques nin xogos infantís comúns.
7. Na contorna rural, poderán saír a pasear polo campo, ou bosque... respectando sempre as medidas de distanciamento.
8. Non poderán saír crianzas ou adolescentes con síntomas compatibles có COVID-19 ou que se atopen en corentena.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: AL4JSDGT64QT9XTJ22KXZD27D | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1